

## CONSELLO ASESOR:

ANTON COSTA - MODESTO

HERMIDA - MANUEL JANEIRO

- ANTON LAMAPEREIRA -

RAFAEL OJEA - MIGUEL

VAZQUEZ FREIRE



SEMANARIO DE

EDUCACION

DE FARO DE VIGO

Coordina:

JOSE A.º PEROZO

ANO IV. N.º 123.

## Narración ganadora del primer premio

### Toda unha muller

Nun pobo de Galicia chamado "Ningures" naceu o primeiro fillo dun matrimonio ¡e unha muller! dicía todo o mundo. Os padriños escolleronlle o nome de Xoana porque nacera o 24 de xuño. ¡Qué bonita! ¡ten cariña de muller!, exclamaban tódolos que ían vela.

O tempo foi pasando e Xoana era cada día máis fermosa, era loira e cos cabelos moi longos. Cando tiña 10 anos xa lle axudaba moito a súa nai nas tarefas da casa.

-Xa da gusto deixala na casa (dicía o seu pai)

¡Xa temos unha muller-ciña!

O remata-lo bacharelato, como non era moi boa estudante, seus pais puxeron a coser na casa dunha veciña que era modista.

Ademais de ser tan bonita, facía os seus propios vestidos e tódolos mozos de Ningures estaban tolos por ela. Namorouse dun deles, de Xulio, e uns meses depois casou con él. Deron en ser un matrimonio exemplar, en poucos anos xuntáronse con 4 fillos, dous eran nenos e dúas nenas que se semellaban moito a súa nai.

Xoana ía levalos ó colexio e a buscarlos, facía a roupa e tamén cosía para outras persoas de Ningures.

Pasaba moito tempo mirando como xogaban os seus fillos porque sabía que a eles lles gustaba que a súa nai estivera mirando como xogaban. Cando lles tiña que mandar facer un traballo da casa, tanto lle mandaba a un fillo coma unha filla, pois querían que todos tivesen os mesmos dereitos e deberes, sen que lles pasase como a ela de pequena, xa que seus irmáns non lle axudaban nada na casa, dicían -iso é cousa de mulleres-.

Os veciños querían moito a Xoana; sempre dicían "Xoana e toda unha muller".

Como os cartos non lle chegaban e quería que os fillos estudiasen, o home de Xoana tivo que emigrar a Suíza, entón Xoana ocupouse tamén de traballalas leiras e xa non tiña tempo de coser mais que para os seus fillos.

Pero... un desgraciado día chegalle a noticia de que o seu home morrera. Todos choraban moito, moito, mais Xoana sabía que tería que traballar para sacalos adiante (os seus fillos).

Decidiu que estudaría para rematar unha carreira. Traballando de día e estudiando de noite ¡por fin! conseguíno, sacando uns dos primeiros números da súa clase. Fíxose abogada e como traballaba moito, sacou os seus catro fillos adiante como ela desexaba.

Os anos foron pasando e Xoana foise facendo vella, os fillos casaron e levávanlle os netos a vela moitas veces porque



ela sempre lles tiña unha larapetada gardada. E no tempo dos reis, 6 de xaneiro, lembrábase de mercar regalos para todos, nunca se esquecía de ninguén.

Un día atopárona tirada no chan da súa casa e levaronla axiña a unha residencia, tiña moita dor pero non se laíaba para non desgustar os seus fillos. Poucos días despois morreu. Nunca outra finada levou tanta xente na súa última viaxe, pois no enterro estaba todo o pobo de Ningures.

A frase que se escoitaba por todas as partes era: "Xoana era toda unha muller".

#### MARCOS

Chámome Marcos García Casalderey. Teño 11 anos. Estudio 7.º de EXB no Colexio Público Sta. Lucía de Moraña.

O meu enderezo é: Cruceiro-Lérez (Pontevedra)  
Pontevedra, a 29 de outubro de 1985.

## Fallo del concurso "La mujer vista por los niños"

"LA MUJER VISTA POR LOS NIÑOS" es un concurso escolar, que fue convocado desde las páginas de MULLERES de FARO DE VIGO, en colaboración con este suplemento. Hoy llega a su final, pues a continuación damos a conocer la relación completa de los veinte ganadores. Han sido más de un millar los trabajos recibidos, desde todos los puntos de Galicia e incluso de fuera de nuestra geografía regional.

Un jurado compuesto por José Francisco Armesto Faginas, Pilar Comesaña, Lola Galobart, Ana Galdón, Xela Arias, Rafael Ojea y Carlos Castro, actuando como secretario J.A. Perozo, acordó conceder los siguientes premios:

1.º A MARCOS GARCIA CASALDERREY de 11 años, Cruceiro-Lérez, por su trabajo "Toda unha muller", que hoy publicamos, UN VIAJE DE NUEVE DIAS DE DURACION A DISNEYWORLD. La salida se efectuará desde Vigo, con regreso a la misma ciudad, con todos los gastos pagados para el ganador y un acompañante. El itinerario comprende una visita a las ciudades de Miami y Orlando, tres días de visita al Reino Mágico de Walt Disney y Centro Epcot con pasaporte de uso ilimitado de las instalaciones, juegos y diversiones.

Este premio es una gentileza de FARO DE VIGO en colaboración con INTERMUNDOS y VIAJES MONTEVIDEO.

2.º A EVA MARIA GOMEZ REY de 14 años, La Lomba, Villagarcía, por su trabajo "La mujer", que publicaremos el próximo martes, UN ORDENADOR SONY, MSX, gentileza del GRUPO TELEUNION.

3.º A FRANCISCO JAVIER PEREIRA GARCIA de Bueu, por su trabajo "La mujer", que publicaremos en las páginas de "Mulleres" el jueves, UNA BICICLETA gentileza de ANCA.

4.º Cuatro lotes de libros de EDICIONS XERAIS DE GALICIA para los siguientes clasificados:

-Carlos Antonio Fernández Bado de Lobeira, Orense.

-Julia Moledo, Colegio Inmaculada de Marín.

-Iban Santos Alonso, de Vigo.

-Sandra González del Colegio Público de Donas (Gondomar).

-Blanca Raposo González del



Colegio Alvarez Limeses de Pontevedra.

5.º Doce bolsas de deportes, gentileza de FARO DE VIGO, para los siguientes clasificados:

Marta González Alonso de Vigo. Beatriz Chamadoira de Pontevedra. Eduardo Martínez Rodríguez de Torneiros (Ribeira). Sandra Silveiro González de Torneiros (Ribeira). María Reboreda Tourón de Vigo. M.ª Jesús Garlín Domínguez de Baredo (Baiona). Olga Iglesias Soler de Villagarcía. Mercedes Maceiras Martínez de San Ciprián (Gondomar). María Jesús Lubín Soto de Lalín. Inés Vázquez González de Fuenlabrada (Madrid). María del Carmen Calviño Iglesias de Marín, y Rosana Estévez Álvarez de Miralba (Vigo).

La entrega de premios tendrá lugar el próximo sábado día 28, a las seis de la tarde, en el transcurso de una merienda que tendrá lugar en el Hotel Ciudad de Vigo, en Vigo. Agradeceremos a todos los ganadores que se pongan en contacto con FARO DE VIGO, en el teléfono 453000, indicando su asistencia al acto de entrega.



## Imaxe e educación

## Sobre as terceiras Xornadas Pedagóxicas Municipais

MANUEL BRAGADO

## UNHA NOVA ESTRUCTURA

O Departamento de Educación organiza ata o momento dúas edicións das "Xornadas Pedagóxicas Municipais", nas que o tema da utilización didáctica da cidade integraba boa parte dos seminarios organizados ó longo dunha semana, e nas que o obxectivo sobranceiro residía no intercambio de experiencias entre os profesores da zona.

Na presente edición o Departamento decidiu convocar ós Movimentos de Renovación Pedagóxica da cidade, co obxecto de formar unha comisión que organizase as Xornadas. Froito de diversas xuntanzas de traballo foi a configuración dun novo marco para estas xornadas que a partir de agora terán un carácter monográfico e trimestral, e nas que se contará coa participación de experiencias (mesmo a nivel internacional) de primeiro orde no campo da renovación pedagóxica. Quérese dar gran importancia ó intercambio e presentación de experiencias, o que axudaría a dar forte pulo ós grupos de mestres que hoxe traballan na óptica dunha escola renovada, e que poderían, á vez, ter ocasión de contrastar as súas experiencias coas máis anovadoras de cada campo.

A Comisión Organizadora tamén prantexa como un dos obxectivos de cada unha das xornadas, a realización de exposicións cos materiais das experiencias presentadas, o que as levaría a abrirse a un público non sempre relacionado co mundo da educación.

Decidiuse que a primeiras das xornadas adicariase ó tema de IMAXE E EDUCACION; no mes de novembro a ESCOLAS INFANTIS, e xa en febreiro de 1987 a ESCOLA E O ENTORNO.

## IMAXE E EDUCACION

As xornadas que comentamos desenroláronse ó longo de cinco días en sesións de catro horas. O programa estruturouse en dous grandes bloques: o primeiro consistente na presentación de experiencias por parte de ponentes chegados de Francia, Italia e diversas zonas do Estado Español; o segundo por unha exposición de materiais audiovisuais moi extensa e novidosa (para a que se contaba cunha Sala de Mostrás Audiovisuais na que se podían visionar "à carta" os vídeos e montaxes audiovisuais das experiencias presentadas, así como máis de setenta horas de vídeos escolares galegos).

Contouse coa inscrición de douscentos profesores (de tódolos niveis, aínda que destacaba a presenza dos de ensino medio), número moi estimable —unha sorpresa, comentaban os organizadores—, que seguiron con gran interese as diversas proxeccións e exposicións que se ían celebrando no Centro Cultural cidade de Vigo.

## AS EXPERIENCIAS DA LANTERNA MAGICA


Abriu as xornadas, Marco Massa, membro da Cooperativa "Lanterna Mágica" de Toriño, que non nos cabe dúbida, foi o ponente que máis impactou nos participantes.

M. Massa na súa primeira intervención relatou a experiencia institucional de introdución da imaxe promovida pola administración local en Torino, e o papel da Cooperativa á que pertence.

A "lanterna Mágica" traballa dende 1980 como punto de referencia para proxeccionar e coordinar actividades de investigación, experimentación e produción no campo dos audiovisuais (imaxe fixa, cine de animación e vídeo) na escola obrigatoria italiana. O "Laboratorio para a Imaxe", que a Cooperativa xestiona por conta do Concello de Torino, opera como centro de cultura audiovisual, mediante cursos de alfabetización e de especialización dirixidos ós ensinantes e animadores culturais sobre técnica audiovisual. Os froitos obtidos da colaboración entre profesionais da imaxe e os da escola está constituindo en Italia unha fonte de estímulo para a creación de outros laboratorios de imaxe escolares territoriais.

Complementou a súa intervención, M. Massa, presentado como ilustración des-

Organizadas polo Departamento de Educación do Concello de Vigo e polos Movimentos de Renovación Pedagóxica que funcionan na cidade, Casa do Mestre, Escola de Varán de Galicia, Escola Viva e Nova Escola Galega, celebráronse o pasado mes de maio as TERCEIRAS XORNADAS PEDAGOGICAS MUNICIPAIS, nas que se presentaron as experiencias máis interesantes de IMAXE E EDUCACION.

IMAXE E EDUCACION 3<sup>as</sup> XORNADAS PEDAGOGICAS MUNICIPAIS

vigo 5-10 de maio 1986. centro cultural cidade de vigo

ORGANIZA: DPT<sup>o</sup> DE EDUCACION CONCELLO DE VIGO

e casa do mestre de vigo, escola de verán de galicia, escola viva, nova escola galega.

te enfoque, diversos materiais elaborados polo seu "laboratorio" sobre o tema de enerxía, nos que a intervención dos alumnos (de idades comprendidas entre os 8 e 12 anos) prodúcese en tódalas fases de produción do audiovisual. Massa considera fundamentalmente esta avaliación positiva da capacidade crítica e productiva dos nenos.

Non foi menos espectacular para os asistentes, entre outras experiencias das descritas por Marco, o intercambio internacional de menxaxes audiovisuais entre catro países, Canadá, Francia, Italia e Xugoslavia, mediante o uso do sistema "Telefax".

M. Massa adicou a súa segunda sesión de traballo a expoñer as súas técnicas de cine de animación aplicadas na escola. Distínguise ata catro diferentes técnicas

de creación ou animación cinematográfica: o "decoupage" (animación por medio de dibuxos e figuras recortadas, que son movidas cada certos fotogramas), na súa opinión é a técnica máis axeitada e habitual para traballar na escola; o "deseño in fase" (supón a realización completa de debuxos para cada paso de película), é máis laboriosa que a anterior, pero tamén asequible para os nenos; o "pixillation" (de maiores dificultades que as anteriores); e a do "acetato", a comunmente utilizada na animación profesional, que pola súa carestía resulta claramente inaxeitada para traballar na escola.

M. Massa ilustrou cada unha destas técnicas coa proxección de películas realizadas directamente por alumnos de escolas municipais torinesas, que xa foron premiadas en diversos certames. Desta-

caron, entre as proxectadas, películas como "Guerra Alimentare" (sobre un suposto conflito entre os produtos envasados e os naturais) ou "L' importante è partecipare" (sobre as Olimpíadas). Marco regalounos a tódolos afezoados á imaxe o visionado de "Russian Roulette", un vídeo-clip realizado polos componentes da Lanterna Mágica, que foi seleccionado para participar no I Festival Internacional de Cine de Animación de Hiroshima (1985), realizado cunha técnica (que a Cooperativa ten aínda en fase de experimentación) consistente na produción de debuxos animados realizados directamente sobre película cinematográfica de desfeita.

Utilizou, M. Massa, a súa derradeira sesión, para expoñer as experiencias da Lanterna Mágica sobre o uso do vídeo na escola. Comenzou salientando a importancia de ter en conta a asencial diferenza entre o vídeo e o cine, por debaixo da súa aparente identidade. Para Massa o vídeo é un medio novo que como tal require metodoloxías novas, non debendo cair no frecuente erro de "facer cine" co vídeo. Como ilustración de utilización alternativa do vídeo presentou unha grabación realizada en Torino, seguindo as propostas de traballo do "Atelier d'enfants du Centre Pompidou" de Paris, coa Lanterna mantén unha habitual cooperación.

## AS EXPERIENCIAS CHEGADAS DO ESTADO

O profesor Jesús Alcalde Islas, da Facultade de Ciencias da Información da Universidade Complutense de Madrid, presentou na súa primeira intervención a experiencia de elaboración do "programa sonoro". Sinalou a importancia de tomala comunicación sonora como un obxecto en si mesmo, cunha certa e importante autonomía respecto da imaxe. A hora de elaboralos programas recalcou a importancia de partir do concepto de "obxecto sonoro", buscando o protagonismo dos propios sonidos, tratando de fuxir da tentación de centrarse nos seus potenciais narrativos. Alcalde ilustrou a súa exposición coa audición de diferentes "programas" realizados polos seus alumnos.

O día seguinte Jesús Alcalde expuxo a súa experiencia coa técnica do diaporama, da que sinalou que polas súas características (imaxe fixa, sonido) constituía un dos media máis espectaculares e impactantes dos hoxe existentes.

Anna Solá, do grupo "Drac Magic" de pedagogía da Imaxe, presentou a experiencia deste colectivo catalán. Explicou, na súa primeira exposición a historia e as actividades do seu grupo: organización de sesións de exhibición de películas con material de apoio para a súa análise e comprensión, asesoramento a centro de ensino sobre o estudio da linguaxe audiovisual... Ilustrou a súa exposición con vídeos que produce o propio grupo: "Que è el cinema" (breve historia en dibuxos animados dos intentos que fixo o home por conquistar reproducir a realidade, ata a conquista do cine) e "El cinema de l'animació" (vídeo no que se reconstrúe o proceso de realización dunha película de dibuxos animados).

Anna Solá utilizou a súa segunda intervención para abordar a problemática que prantexa a incorporación da imaxe no ensino, tanto no EXB como no BUP. Proxectou, á vez, os vídeos que DRC MAGIC produce para TV3 (Televisió de Catalunya) para o programa "Aula Visual", que constitúen materiais de apoio para a educación da imaxe nas escolas catalanas.

Raquel Viejo, membro do equipo de vídeo da Secretaría Técnica da UNED, presentou diversos programas didácticos que este organismo elabora para os seus propios alumnos.

Tamén se proxectaron unha escola de films procedentes da xa desaparecida experiencia de educación na linguaxe da imaxe de SOAP (Servicio de Orientación de Actividades Para-Escolares). Este servizo que comezou as súas actividades alá polo ano 1973, cunha existencia abondo fugaz, define o papel da imaxe na escola como o instrumento que vai



## O barco de vapor

O Patronato da Fundación Santa María convoca o "Concurso do Libro Infantil 1986" co fin de promover a creación dunha literatura para nenos que fomente o gusto pola lectura nesa idade e transmita, con calidade literaria auténtica, uns valores humanos, sociais, culturais ou relixiosos que axuden a construír un mundo digno da persoa humana. A convocatoria rexeráse polas seguintes bases:

### Bases

- 1.- Establécese un primeiro premio, dotado coa cantidade de 350.000 pesetas.
- 2.- Establécese un segundo e terceiro premios dotados, respectivamente, con 175.000 e 100.000 pesetas.
- 3.- A extensión das obras será dun mínimo de 50 folios, mecanografiados a dous espazos e por unha soa cara.

4.- Os orixinais serán totalmente inéditos e en lingua galega. O xurado atenderá á perfecta corrección ortográfica, morfo-sintáctica e léxica dos traballos, segundo a normativa vixente. Mandaranse por triplicado ó seguinte enderezo:

Fundación Santa María (para o Concurso do Libro Infantil) Rúa da Paz, 16 - Vigo-2 (Pontevedra).

Cada concursante poderá enviar cantos orixinais desexe.

5.- O prazo de admisión de orixinais cerrárase o 15 de setembro de 1986.

6.- O tema das obras é totalmente libre, pero o xénero literario debe se-lo de narración ou novela.

7.- Os orixinais enviaranse baixo un pseudónimo e contendo nun sobre cerrado o nome e enderezo do autor. O xurado procederá a abri-los sobres só despois de falla-lo premio.

8.- O xurado será elexido e nomeado pola Fundación Santa Ma-

ría e estará constituído por persoas entendidas en literatura, pedagogía e educación, e unha representación da fundación patrocinadora. A súa composición permanecerá secreta ata a publicación do fallo do concurso.

9.- O fallo do xurado será inapelable e os premios poderán ser declarados desertos.

10.- A concesión do primeiro premio leva incluída a edición -por parte da Fundación Santa María- da obra premiada, computándose o importe do premio á conta dos dereitos de autor.

11.- A Fundación Santa María poderá discrecionalmente contratar cos autores que recibieren o segundo e terceiro premio, a edición das obras premiadas, computándose o importe dos premios á conta dos dereitos de autor da primeira edición.

## A xanela

● PIPA Y PIPO EN EL PAIS DE LOS FANTOCHES. De Salvador Bartolozzi. Lectores desde 6 años. Colección "Las Campanas". EDITORIAL MIÑON.

Salvador Bartolozzi es uno de nuestros más grandes artistas. No vamos a decir aquí nada de él ni de su obra porque ya lo hace, en el prólogo, Jaime García Padrino, estudioso de la literatura infantil de aquella época.

Con este volumen iniciamos en LAS CAMPANAS la edición de LAS AVENTURAS MARAVILLOSAS DE PIPO Y PIPA, que ya fueron publicadas en forma de libro en 1935 por la Editorial Estampa.

PIPO Y PIPA EN EL PAIS DE LOS FANTOCHES recoge, además del episodio que le da título, otro denominado PIPO Y PIPA CONTRA EL GIGANTE MALHOMBRON, por ser continuación del primero. Este criterio de dar completas las historias lo mantendremos en los sucesivos libros que vayamos publicando.



Coleccionable  
para os mois pequenos

N.º 67

o pizarrín

Palabras-Primaveira (3)

## Na primeira das mil primaveiras máis para a lingua galega

### OS ROMANCES INFANTÍS:

A 1.ª Primaveira está a piques de rematar e non atopo mellor forma de despedila que usando as palabras primaveira por excelencia dentro da lírica popular galega: os Romances.

Así coma durante moito tempo duvidouse da existencia dun Romanceiro Galego, dúbida que Lois Carré explicou dicindo que, cando os etnógrafos e folkloristas ían polas nosas aldeas preguntando ás xentes polos "romances", éstas, acostumbradas a chamarlles HISTORIAS, non sabían de que lles estaban a falar, na actualidade a existencia dun noso romanceiro é xa un feito, gracias a tantos e tantos intelectuais que realizaron unha paciente e fermosa laboura de recuperación: Manuel Murguía, Pérez Ballesteros, Lois Carré, Casto Sampedro e Folgar, Coratelo Valledor, Marcial Valladares, Risco, e Dorothee Schubarth e A. Santamarina, entre outros.

Mais se esta existencia e supervivencia (aunque precaria) dun Romanceiro Xeral Galego non precisa demostración dado o número de romances recopilados, non sucede o mesmo cos ROMANCES INFANTÍS, coido que por dúas causas esenciais: a primeira sería o feito de que a cultura popular galega é esencialmente labrega e mariñeira (non vilega nin cidadán, nin xiquera como medio supostamente máis








culto que podería ter asumido a función de conservador), na que os nenos participaban en toda a vida comunitaria: traballos, festas, etc; a segunda causa sería a dependencia que os nenos galego falantes tiveron e teñen dun idioma alleo como vehículo do ensino institucionalizado, que, se algún romance engadiu ó seu patrimonio, fíxoo en castelán: Mamburú; Un sevillán, sevillano: Me casó mi madre...

A pesares de estas dúas causas, entre outras, que condicionaron a reconversión por parte dos nenos das letras dos romances "de adultos" en outras máis axeitadas para os xogos: a roda, saltar, dramatizar, etc., si hai algúns clasificados coma tales e outros que, por comparación con outros cancións dos pobos de España e de

Portugal, poderían acadalo título de "romances para nenos" e que foron usados especificamente para entretelos e adormecelos nas longas noites do inverno. Estarían nesta clasificación romances coma:

- "Eles eran tres comadres"
- "Dame a man, ven irmanciño"
- "A flor do violar"
- "Martín Conde"
- "O mariñeiro"
- "O ceo en anacos"
- "O casamento do piollo e da pulga"
- "O señor Don Gato"
- "Doncela guerreira"
- "Conde Laiño"
- "Dona Alda"
- "O conde Arnaldos"
- "Romance de Don Berto"
- "Romance de Don Sancho"
- "Rosafiorida"
- etc.







# Arquimiro

Evaristo Pereira




IMOS RODAR A PELEA NO SALOON



PELEA NO SALOON. TOMA UN!






¡CAMARA! ¡ACCION!



UN XELADO!



RUFOS BILLY?





# Na primeira das mil primaveiras máis para a lingua galega

PALMIRA GONZALEZ BOULLOSA

Co "Romance de Don Sancho" pasou unha cousa curiosa e que creo que é doado sinalar. A letra é de Ramón Cabanillas, dun poema seu do mesmo título, mais xa no ano 1932 tómbase coma da tradición oral, coma se deduce da crónica de viaxe do grupo "Ultreya" ("Nós", n.º 107, do 15 de novembro do 1932) firmada por Xoán Astorga Anta, na que di: "...fumos a casa do Sr. Iglesias Vilarelle... e fixéronos ouvir uns discos preciosos que nunca máis voltarei a ouvir na miña vida... e os famosos romances de Doña Alda e Camiña Don Sancho que canta a Polifónica... O Romance de Don Sancho gustoume inmenso...", e a continuación o transcribe. É tanta a "popularidade" deste romance que nun "Cancioneiro para el C.M." da Ed. S.M. figura coma popular e "en castelán". Os vigueses escoitamos a melodía deste romance tódolos días, as tres da tarde, no carillón da Caixa de Aforros.

## ROMANCE DE DON SANCHO

Camiña Don Sancho  
mañanciña fría,  
a terra de mouros  
a librar cautiva  
A beira da fonte,  
da fonte belida,  
as rendas do liño  
lavaba a mociña.

De terra de mouros  
Don Sancho volvía,  
a ialma na fonte  
deixara prendida.

## ELES ERAN TRES COMADRES

Eles eran tres comadres  
e dun barrio todas tres;

armaron unha merenda  
para ir ó San Andrés.  
Unha puxo trinta hovos  
para cada unha dez;  
outra puxo unha empanada  
de tres codos en través.  
Outra dixo polo viño:  
-Comadres, ¿cánto traerei?  
-Traede canado e medio  
para non volver outra vez.  
Aló pola media noite  
todas falaban inglés.  
Unha dixo pola lúa:  
-Mirade que doblón de a tres.  
Outra dixo polo ceo:  
-Mira que pano francés.  
Outra dixo polo odre:  
-Mira que neno sen pés.  
Estando nestas palabras  
veu o marido de Inés:  
paus á unha, paus á outra,  
paus levaron todas tres.

## O CONDE ARNALDOS

Quén houbera tal ventura  
sobre das augas do mar  
como houbo o Conde Arnaldos  
mañanciña de San Xoán.  
Cun falcón que ele levaba  
polo monte ía cazar  
e viu vir unha galea  
que a terra quería chegar.  
As velas de fi sedán,  
o mariñeiro que a guía  
cantando vai un cantar  
que o mar en calma poñía  
e o vento facía amainar  
ós peixes que andan no fondo  
nas ondas facía andar;  
ás aves que andan voando  
no mastro viñan pousar.  
Así falou Conde Arnaldos,  
oiredes o que el diría:  
-Por Deus pido, mariñeiro,  
dígame ora ese cantar.  
Respondeulle o mariñeiro,  
tal resposta lle foi dar.



-Eu non digo esta cantiga  
senón quen connigo vai.  
-Atraca a galea, amigo,  
quero contigo embarcar.  
Conde Arnaldo no navio  
polo mar foi navegar;  
o que viu o Conde Arnaldos  
cousa é de maravillar.

## CONDE LAIÑO

Conde Laiño da barba orballada,  
conde magoado de tanto chorar  
Galán altivo dos ollos ardentes,  
Galán saudoso do doce falar  
Eu tiña un amante,  
Eu tiña un amor,  
mal haía o camiño  
Que del m'afastou.  
Conde Laiño dos ollos tristesos,  
Non te me vaias da beira do lar.  
Cómo tan lonxe colliches namoros,  
Cómo tan lonxe te fuches casar.  
Eu tiña un amante,  
Eu tiña un amor,  
Mal haía o camiño  
Que del m'afastou.

## ROSAFLORIDA

Aló naquela ribeira  
que está da banda de Ungria  
había un grande castelo  
que chamaban Rochafriada;  
nel moraba unha doncela  
que lle din Rosaflorida  
porque se chamaba Rosa  
i é primaveira florida.  
Sete condes a demandan  
infantes de Lombardia,  
todos os ten refugado  
tal era a súa fachendia.  
Namorou de Montesinos  
de oidas que non de vista,  
pois tiña sona de ardido  
e ninguén vencer podía.  
Sospirando seus amores  
pasaba as noites e os días

e ali pola media noite  
berros da Rosaflorida.  
Oíunos o bon Blandinos  
que era o ayo que ela tiña,  
erguérase de contado  
da cama onde él durmía.  
-¿Qué tedes vos ouh! a Rosa,  
qué tedes Rosaflorida,  
que a tales berros que dades  
parecés tola sandía.  
Así falou a princesa,  
ben oiredes que dicía.  
-Ar ben veñas ti Blandinos  
e ben haxa a túa vinda,  
levarasme aquesta carta  
que con sangue teño escrita,  
levarala a Montesinos  
a terras onde el vivía,  
que quero que me veña a vere  
para la Pascua Florida;  
por diñeiro que o non deixe  
eu pagarei a súa vinda,  
vestirei ses escudeiros  
de boa escarlata fina,  
cobrirei os seus ropaxes  
de boa seda broslida  
se máis quexer Montesinos  
moito máis eu lle daría,  
darialle sete castelos  
todos ribeiros de Ungria;  
se máis quixer Montesinos  
eu moito máis lle daría;  
darialle cen marcos de ouro  
outros cen de parata fina;  
se mais quixer Montesinos  
moito máis eu lle daría;  
darialle este meu corpo  
sete anos á súa guisa  
e se del non se pagare  
morrerá Rosaflorida.

E, para o adeus a esta primavera  
que se vai cara o tempo sen  
esquencemento de palabras, gustariame  
facelo con tres versos do poema  
"O Reino" de Celso Emilio Ferreiro:  
...dicir amor,  
dicir amigo,  
era igoal que nomear a primavera



# Evolucionismo y enseñanza

LUIS MARIA GONZALEZ MENDEZ

servir para que os nenos espectadores abalisen criticamente a linguaxe da imaxe e interrelaciones esta con outras áreas do currículo escolar. "El Cartel", "Mini Movie Makers", "Release" foron algúns dos títulos dos films proxectados, que constituiron unha auténtica primicia para tódolos asistentes.

## A EXPERIENCIA FRANCESA

A intervención do día de peche das Xornadas, de Jean Claude Guezenc, profesor agregado e director do Instituto Rexional da Imaxe e Sonido de Normandía, constituiu unha verdadeira lección marxista sobre a problemática que prantexa a incorporación da imaxe nos sistemas educativos.

Guezenc comenzou facendo un recorrido histórico a través das distintas experiencias en ensino da imaxe postas en funcionamento en Francia nos últimos quince anos. Distingui tres períodos neste período: o primeiro de 1972-75 (con experiencias localizadas preferentemente na zona de Burdeos) no que as preocupacións residían en estudar a comunicación audiovisual baixo unha perspectiva científica e cunha orientación preferentemente semiótica. O segundo de 1978-81, está dominado pola experiencia "Jeune spectateur actif", que se prantexaba como obxectivo facer ó alumno crítico fronte ás menxases da televisión, ó tempo que tamén se aproveitaba da televisión para dinamizarlo ensino tradicional. O terceiro período, que distingui Guezenc, comenzou coa chegada do goberno socialista, que abandonou a perspectiva anterior para substituíla pola "opción cinema-audiovisual". Esta "opción" xa non está dirixida a tódalas escolas como a anterior, senón, que nun principio, estaba reducida a só 12 "Lycées" (en toda Francia), á vez que por grupos de alumnos moi pequenos (16 por clase). Tamén sinalou como moi interesante a colaboración que os profesionais da imaxe proporcionan ó profesor que leva a "opción" en cada liceo. Guezenc ilustrou a súa disertación coa proxección de vídeos realizados polos seus alumnos (traballos de tres minutos, nos que se lle concede gran importancia ós aspectos de carácter técnico e formal).

## UN CERTO REMATE

Pensamos que estas Xornadas constituiron un fito relevante no coñecemento de experiencias moi diversas e desemeillantes no terreo da introducción da imaxe no campo educativo. Este terreo aínda é case inexplorado polo educadores, cando paradoxicamente os nenos e xoves viven arredados de estímulos audiovisuais. De xeito hai sinais esperanzadores dunha variación da situación: cada día son máis os profesores interesados nesta temática, boa proba disto foi a masiva asistencia ás Xornadas (pena que non houbera un tempo, un programa apretado abondo, para que os participantes intercambiasen os seus puntos de vista); a esperanzadora constitución dun Seminario Permanente de Imaxe (que agrupa a máis de 20 profesores de toda Galicia); iniciativas como as do Gato Bogart (cadernos municipais de cine que edita o noso concello, paralelamente a súa programación semanal de cine infantil, que conta con tres anos de existencia); a publicación dun tema monográfico na Revista galega de Educación... A ver, a ver...

De un tempo a esta parte asistimos en la escuela al boom del evolucionismo. Casi la totalidad de profesores y textos de segunda enseñanza aceptan sin escrúpulos y con un fervor triunfalista, todas las tesis que mantienen el emergentismo del hombre a partir de la pura materia, forzando así las teorías evolucionistas. Sólo desde esta óptica se entiende que cualquier docente que intente matizar o moderar estos impulsos, sea tilado inmediatamente como retrógrado, anticientífico, o aferrado a viejos prejuicios culturales, que hoy día deberían estar superados. Este materialismo evolucionista parece así asentarse definitivamente, avalado por la contundencia de los últimos avances de la Paleontología, y de la Anatomía comparada. Junto a ellas, la Bioquímica y la Genética parecen proporcionar el mecanismo que articula la evolución. Ante tanta evidencia el emergentismo evolucionista se presenta como teoría irrefutable impuesto con certeza en el ámbito científico. Ni un sólo investigador serio—arguyenes reacio a nuestro origen material, pues ir contra él—vienen a concluir—es ir contra la propia Ciencia. El prurito evolucionista radical parece pues consolidarse definitivamente. Algunos divulgadores afamados—como Sagan y Asimov—han contribuido a ello de manera notable, declarándose partidarios acérrimos del emergentismo evolucionista.

En parte esta nueva moda ha surgido como reacción virulenta, contra aquellos viejos enseñantes que, imbuidos por prejuicios ideológicos, anatematizaban cualquier teoría científica que no se ajustase a una interpretación servilmente literal de los primeros capítulos del Génesis, donde se nos narra la creación. Para éstos, sólo mencionar la posibilidad de cualquier parentesco humano con los primates, o aludir al posible origen químico de la vida, sería contradecir la verdad revelada.

La polémica no es nueva. En Estados Unidos y en las dos últimas décadas, ha venido entablándose una encarnizada batalla escolar que ha enfrentado a los autodenominados evolucionistas contra los creacionistas. Propiamente son emergentistas—pues evolución y creación no se oponen—y ultracreacionistas. La lucha ha tenido grandes repercusiones sociales y los tribunales hubieron de mediar optando por una decisión salomónica: en la escuela se dedicaría el mismo tiempo a la exposición de ambas tesis, y los libros de texto habrían de obviar el no decantarse de manera definitiva hacia una de las dos posturas. Lo que comenzó siendo una interesante polémica sobre los límites de la libertad de cátedra, degeneró en una lucha ideológica sin cuartel. Nuevamente las cosas se sacan de quicio.

Tan gratuito es afirmar que el emergentismo evolucionista (según el cual todos los seres vivos, incluso el hombre, han surgido por azar de la pura potencialidad de la materia) es la única alternativa válida a la hora de dilucidar nuestros orígenes, como

pretender reprobar como hereje a todo el que niegue que en la Biblia se contienen las claves científicas del Cosmos. Unos y otros incurren en un dogmatismo ciego y absurdo; de tinte fideísta éste, de sesgo científico aquél. Pero a ambos se les puede achacar el error que intentan refutar, pues fuerzan tanto a la Teología como a la Ciencia más allá de sus posibilidades.

El emergentismo de la evolución radical presupone un reduccionismo materialista que no es lícito hacer en nombre de la Ciencia, pues trasciende sus límites. En un afán de asestar el golpe definitivo a la Religión—por fin el hombre no necesita de Dios para explicarse a sí mismo!—dictan sentencia de muerte contra los principios de la Ciencia, por cuanto ésta se declara incompetente a priori para alcanzar las causas últimas. Concederle a la Ciencia un carácter último e infalibilista se rebela contra la misma Ciencia, pues quien pretendiera demostrar la no creación desde posturas evolucionistas, evidenciaría desconocer que el evolucionismo sólo puede explicar transformaciones de los seres ya existentes, pero no tiene nada que decir acerca de la primera perfección de todo ser: su misma existencia. Creación y evolución, lejos de ser posturas antagónicas, se armonizan y complementan; y en cualquier caso no se excluyen.

En el otro extremo están quienes rechazan el evolucionismo por creerlo sin más, incompatible con la fe que profesan, basados en una interpretación estricta de todas y cada una de las palabras de los hagiógrafos bíblicos. Desde esta postura el daño se le hace a la propia Teología desde ella misma, pues esa interpretación ridícula del Génesis, jamás ha sido propiciada por la Iglesia. Es más, en toda su doctrina no hay ninguna creencia que vaya en contra del evolucionismo, e incluso del posible origen químico de la vida.

Se impone pues un mutuo respeto de las autonomías tanto de la Ciencia—a la que escapa lo no material—como de la Teología (cuyo cometido no es experimental). Cualquier ingerencia de una en la otra, se volvería contra ambas, desvirtuando su objeto propio. Quien así obrara, pondría de manifiesto desconocer que no se pueden aplicar a las realidades metacientíficas (como la existencia del alma por ejemplo), arquetipos, métodos o categorías vigentes sólo en la Ciencia experimental, o que la Biblia es la palabra de Dios revelada en orden a la consecución del fin último, pero que no pretende ilustrar ningún tipo de conocimiento científico.

El creyente debe deshechar la tentación de ver por ejemplo en la teoría del Big-Bang, una prueba evidente de que hubo un comienzo creacional, o que la radiación de fondo detectada por Penzias y Wilson no es más que el eco del acto creador de Dios. Igualmente debe huir de intentar establecer paralelismos entre el segundo principio de la Termodinámica y la demostración tomista de la existencia de Dios por la casua-



Dibujo: Xosé M. Lloves. 1º BUP

lidad eficiente. Por grande que sean las concomitancias entre principios metafísicos y presupuestos científicos, deben evitarse los paralelismos. Estaríamos saltando gratuitamente los grados de abstracción que separan a la Física de la metafísica.

De igual forma el científico no podrá nunca demostrar la inexistencia de lo inmaterial—Dios, el alma, etc.—a partir de lo material. Es evidente que estas otras realidades, escapan al método experimental propio de la Ciencia, y no por que no se pueda detectar su presencia por estos métodos, han de rechazarse estas realidades espirituales.

Si en todas las actividades humanas—por asépticas que parezcan—es loable una deontología profesional, que marque los límites entre la libertad de las conciencias y lo éticamente reprochable, en la enseñanza este principio básico, adquiere especial importancia. La razón estriba en el enorme impacto que ejerce sobre los alumnos la ideología del profesor. Sólo los medios de comunicación social ejercen una influencia ideológica comparable a la de la enseñanza. Frases como "mi profesor dice...", "en clase nos han explicado que...", se utilizan como argumentos de autoridad en boca de no pocos jóvenes estudiantes. Se nos exige pues a los docentes un exquisito equilibrio entre los derechos anejos a la libertad de cátedra y el respeto a las creencias de nuestros alumnos, pues en este juego de fuerzas quien lleva las de perder es el estudiante discente, inerme en tantos casos, ante los recursos intelectuales del enseñante. Es un sacrificio que se merecen nuestros alumnos, y el amor a la verdad.

Xosé R. Mariño Ferro  
LA MEDICINA POPULAR INTERPRETADA, II  
studio novelado de antropología

Xosé C. Bermejo Barrera  
O FINAL DA HISTORIA:  
Ensaio de Historia Teórica

Luca Novelli  
O FANTÁSTICO MUNDO DO LOGO  
Traducción: Xenaro García Suárez

edicións xerais de galicia

Doctor Marañón, 10 | VIGO-11 (Pontevedra)



# Colegio Celso Emilio Ferreiro

VIGO

El Colegio Celso Emilio Ferreiro, en la calle Porriño, con un largo frente a la Avenida Castelao, ocupa una amplia superficie con espacios abiertos en los que quizás, a primera vista, se advierta una escasez de árboles (el director nos dijo que los habían plantado, pero muchos "no fueron arriba"). Realmente muy pocos colegios disponen de una zona de juegos tan amplia. Y tanto que despertó la codicia de algún político municipal para construir allí un polideportivo para el vecindario, el cual conllevaba la inevitable secuela de bloques de cemento, de ruidos y reducción de espacio libre para los niños, de un espacio del que se ven privados por doquier. Su director, don Vicente Bello Fernández, lleva 9 años en el cargo, dos en el "Eiño Garay", del que dependía este colegio al principio, cuando funcionaba con aulas prefabricadas y unos siete en las actuales instalaciones. Es uno de esos maestros forjados en la dura lucha de las antiguas escuelas unitarias, hombre sincero donde los haya y con el que se "conecta" al instante.

—¿Muchos alumnos por aula?

—De momento sí, nos responde el señor Bello. Es un colegio que al principio tenía unha demanda de plazas muy grande, hasta el agobio. Y todavía seguimos sintiendo ese agobio, especialmente a partir de quinto curso. El promedio de alumnos entre 5.º y 8.º, ambos inclusive, está alrededor de los 40 alumnos.

—¿Problemas?

—Problemas, problemas... si nos ponemos a enumerarlos todavía hay mucho que subsanar; sin embargo yo —que procedo de una escuela unitaria— he notado un cambio muy positivo en medios económicos, pedagógicos, etc. infinitamente superiores en estos colegios. Pero todavía queda mucho que recorrer.

—¿Qué destacaría en este colegio?

—Los profesores destinados a este centro veníamos animados de un gran ideal, y, por lo que he recogido de la calle, es un colegio muy prestigioso, precisamente por una virtud que ahora quizás se esté deteriorando: la disciplina. Este centro ha venido funcionando a las mil maravillas. No había más que los problemas normales de todo centro de enseñanza.

—¿Por qué se relaja la disciplina?

—Yo lo achaco al momento que estamos atravesando en España. Todo influye. En la calle hay un cierto relajamiento de las costumbres. La gente confunde la democracia... no la ha asimilado. Piensa que democracia es hacer lo que a uno le da la gana. Y esto empieza a cundir en el colegio no sólo entre el alumnado, sino incluso en algunos padres. Tal vez sea un poco fuerte decir esto, pero es lo que a mí me parece... a lo mejor estoy equivocado.

—Estudios realizados en la zona de Coia hablan de graves problemas socioeconómicos, de desarraigo en parte de la población. ¿Cómo repercute esto en el colegio?

—Efectivamente esto repercute. Y creo que influye lo suyo en el rendimiento del alumnado. Quizás el paro, la situación económica de los padres, que afecta a los que tienen alumnos aquí, de un 30 a un 40%, sea lo que más repercute en los niños. Después están los problemas que eso genera, por un deterioro de las relaciones conyugales...

—¿Se advierte desánimo entre los chicos, en relación con su futuro?

—Ya lo creo que sí. Desgraciadamente se dejan arrastrar por el pesimismo al ver la situación de desesperanza de sus padres en paro. Y así se abandonan, los imitan...

Don Vicente no quiere entrar en muchos detalles. Y es que para un educador vocacional tiene que ser muy doloroso ver, como seguramente él ha visto muchas veces, niños de 11, 12 años, o de menos edad por la calle a las diez, once



de la noche, sin el menor control. Y si alguien con algún ascendiente sobre ellos les pregunta, a veces aparecen contestaciones como éstas: "es que mi padre le ha pegado a mamá"... "mi padre, o mi madre padecen alcoholismo", etc., etc.

—El aula de educación especial ¿mitiga algo las consecuencias de esos problemas?

—Este aula está atendida por una profesora interina, pero es insuficiente. Quisiéramos poder crear pronto por lo menos dos: una para primera etapa y ciclo medio y otra para la segunda etapa.

—¿Realizan muchas actividades complementarias?

—Las llevamos a cabo en colaboración con la Asociación de Padres: baile gallego, música, danza clásica, ajedrez, judo, labores para las niñas, etc.

—¿Qué papel juega la APA en este colegio?

—Coopera en todo aquello que es competencia suya. Entre ellos y nosotros hay unas relaciones abiertas, sin problemas. Estamos muy contentos con la Asociación de Padres, que está llevando bien todas estas actividades extraescolares. Es una labor digna de encomio, cosa que yo les he dicho muchas veces, pues el núcleo que lleva todo el peso, aunque algunos estén en paro, roban tiempo a su ocio, a su vida familiar, etc. para dedicarse al colegio. Y muchas veces los otros padres no se lo agradecen; sino al contrario: los censuran.

—¿Y el profesorado?

—Somos 27 profesores, todos con plaza en propiedad, menos la de Educación Especial que es interina. Tenemos una edad media que debe estar entre los 45 y 50 años.

—¿Enseñanza del gallego o en gallego?

—El gallego es mi lengua materna: la he hablado siempre y la sigo hablando. Recuerdo los tiempos en que hablar gallego era considerado como propio de "palurdos". Pero no me gusta este gallego... llamémosle "prefabricado". A mí me gusta el gallego del pueblo, el que yo he hablado siempre. Y a partir de este momento me voy a expresar en gallego... no que eu sei, que aprendín na zona de Ourense, pero iste de agora eu non o seu, hai palabras que eu nunca oín. Sin lugar a dudas hai moitas que inventaron, que son de laboratorio. Hai que ser tamén un pouco prácticos na vida. No futuro a estes nenos non lles vai servir pra nada. Coido que se lle están adicando moitas horas ó gallego e que se lle quitan a outras materias como matemáticas, castelán ou outros idiomas. Así damos catro horas de gallego e duas—ou tres como moito— de inglés a semana. O gallego hai que mantelo, desde logo, pero con certas limitacións, e non andar a inventar palabras. Porque o idioma quen o fai é o pobo que o fala.

—¿Hai algún proxecto neste centro?

—A APA e nos estamos preocupados por conseguir un ximnasio única e exclusivamente para o colexio. Un concellal quixonos construír un polideportivo cun ximnasio que podeira utilizar o colexio. Pero enganaron ós pais, porque eu non soupen máis hasta que xa prácticamente estaban aquí as máquinas. Ibannos ocupar iste recinto preciso que temos, seguramente o millor de todos os colexios públicos de Vigo. Si queren facer algo para uso dos veciños que o fagan, pero non aquí, porque hai terreos na Bouza ou que os compren nos arredores.

De modo que a Asociación de Pais, en asamblea, despois de estudar o problema e analízalo debidamente, por unanimidade acordouse que non se construíse, e así foi.

—¿Cómo sería o colexio ideal?

—O mellor a iste centro faltanlle moitas cousas para selo. Tería que pensalo. Pero sigo dicindo que co que temos podemos formar adecuadamente ós nenos.

## FICHA TECNICA

**NOME DO CENTRO:** Colexio Público "Celso Emilio Ferreiro".

**Dirección:** C/Porriño, s/n. Telf. 298058-Vigo.

**FUNCIONA DENDE:** 1978, primeiro cou aulas prefabricadas, dependendo do "Eiño Garay".

**NUMERO DE ALUMNOS:** 814.—Profesores: 27.

**NUMERO DE UNIDADES:** 24 de E.X.B. e unha de Educación Especial.

### INSTALACIONES

—Zona de ensino 1.504 metros cuadrados

—Zona de patios, xogos, xardíns, etc. uns 12.000 metros cuadrados

—Conta con: Zona de plástica, laboratorio, biblioteca.

—Pistas polideportivas para: baloncesto, balonmán, futbito, fútbol, voleibol e atletismo.

### RESULTADOS CURSO PASADO:

—De 125 alumnos, que terminaron a EXB, 80 levaron título de Graduado Escolar.

—ISTE CENTRO CONTA CON:

—Grupo de baile gallego, de gaitas, danza clásica.

—Organiza representacións teatraís con gallo dalgún festival.

—Por igual motivo pública unha revista, cada curso.



A dixitalización destes documentos foi posible grazas á axuda concedida a Nova escola Galega da Secretaría Xeral de Modernización e Innovación Tecnolóxica (Consellería de Industria - Xunta de Galicia), do Ministerio de Industria, Turismo e Comercio, así como do Plan Avanza e do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER), ao abeiro da *Orde do 31 de decembro de 2008 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, das subvencións destinadas a entidades de dereito público e privado, sen ánimo de lucro, para impulsar a realización de actuacións de difusión e formación relacionadas especificamente co desenvolvemento e implantación da sociedade da información na Comunidade Autónoma de Galicia, no marco do Plan Estratégico Galego da Sociedade da Información e o Plan Avanza, e se procede á súa convocatoria para 2009 (código procedemento IN521C)*

As publicacións están dispoñibles baixo unha licenza Recoñecemento-Non comercial-Compartir baixo a mesma licenza 3.0 España de Creative Commons que reza:

Vostede é libre de:

- Copiar, distribuír, exhibir e executar a obra.
- Facer obras derivadas.

Baixo as seguintes condicións:

- Vostede debe atribuír a obra na forma especificada polo autor ou o licenciante. Isto quere dicir que tanto os textos como as imaxes da Web poden ser utilizados por calquera, sempre que se cite a súa orixe, sempre que non se obteña un beneficio económico directo ou indirecto dese uso, e sempre que se inclúa no produto resultante a mesma licenza CC-NEG.

